

PROGRAMA DE CAPACITACIÓN PARA A TRANSFERENCIA EN HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS



Este programa ofrece 30 prazas para participar nos seminarios e obradoiros. Adicionalmente nesta primeira edición, que ten carácter piloto, ofrecerase mentoría a cinco proxectos.

Para participar nos seminarios e obradoiros será precisa a inscrición cubrindo o seguinte **formulario**.

Para acceder ao servizo de mentoría será preciso enviar unha memoria descritiva do proxecto, que terá o contido que se indica na sección "**Guión para a elaboración do proxecto**".

Ambos documentos enviaranse a programacion.centros.gain@xunta.gal **antes das 14.00 h do día 8 de setembro de 2023**.

CRITERIOS DE SELECCIÓN DE PROXECTOS

Para a selección dos proxectos que recibirán os servizos de mentoría teranse en conta os seguintes criterios, nunha escala de 0 a 5:

- **Grao de innovación**
Avaliación do grao de novidade dos resultados da investigación na que se basea a proposta. Valoraranse neste punto os aspectos relativos á estratexia de protección.
- **Potencial de mercado / Impacto**
Valorarase o grao de caracterización do mercado e de potenciais destinatarios dos servizos ou produtos obxecto do proxecto. Consideraranse neste punto os aspectos relativos ao impacto socioeconómico.
- **Perfil e compromiso do equipo promotor**
Valorarase o grao de adecuación e compromiso co proxecto do equipo promotor que, ademais de integrantes do grupo investigación, poderá incluír perfís expertos en transferencia. Considerarase neste punto a distribución de roles entre os integrantes do equipo no proceso de valorización e transferencia.

Non é preciso que todos os integrantes do equipo estean inscritos no programa formativo, pero a persoa inscrita no curso deberá ter un papel relevante no proceso de valorización e transferencia.

GUIÓN PARA A ELABORACIÓN DO PROXECTO

Aos efectos de facilitar o proceso de selección por parte do equipo formativo de Oxentia, a memoria do proxecto terá que ser presentada en calquera das dúas linguas oficiais da nosa comunidade autónoma e en inglés.



Datos de contacto

Nome, apelidos e email. Os datos completos facilitaranse na inscrición do programa. Lembra completar o **formulario de inscrición** do curso, se non o fixeches xa.



Memoria descriptiva




O cadro seguinte recolle os puntos que deberá conter a memoria e a extensión máxima dalgúns apartados. Inclúese información sobre a relación dos apartados cos criterios de avaliación, así coma a ponderación que se aplicará na valoración global.

Non se considerará para a avaliación a información que supere a limitación establecida para os distintos apartados.

GUIÓN DE CONTIDOS DA MEMORIA

PONDERACIÓN PARA A VALORACIÓN GLOBAL



Breve **descripción** do proxecto e da estratexia de comercialización.
Máximo 250 palabras.

-  Que é único/distintivo/singular no proxecto?
-  Que o distingue das solucións actuais para a mesma problemática/necesidade?
-  Que está previsto en termos de comercialización (codesenvolvemento, asistencia técnica, licencia, creación de empresa, etc.)?



GRAO DE
INNOVACIÓN
30%

Descrición do **equipo** promotor:

-  Que persoas integran o equipo promotor e cal é o seu perfil? (Formación, posto, aspectos destacados dos integrantes do equipo)
-  Como está organizado o equipo de cara ao proceso de valorización e transferencia?



PERFIL E
COMPROMISO
30%

Breve descripción da **necesidade ou problemática** que aborda o proxecto.
Máximo 200 palabras.



POTENCIAL
DE MERCADO
/ IMPACTO
10%

**GUIÓN DE CONTIDOS
DA MEMORIA**

**PONDERACIÓN PARA A
VALORACIÓN GLOBAL**

Identificación e breve descrición dos **grupos de interese** aos que se dirixe o proxecto. Por exemplo: administración pública, comunidades locais, comunidade científica, sectores empresariais, etc.
Máximo 100 palabras.



POTENCIAL
DE MERCADO
/ IMPACTO
10%



Listaxe dun máximo de **potenciais clientes**, se están identificados.

Breve descrición do **impacto** esperado concretando como contribúe o proxecto ao logro dos impactos sinalados. Os impactos poden referirse a aspectos: políticos, sociais, medioambientais, culturais, económicos, saúde, etc.
Máximo 200 palabras.



POTENCIAL
DE MERCADO
/ IMPACTO
10%

Se é o caso, liste os **proxectos ou contratos nos que se basea a iniciativa proposta** indicando:

-  Para os proxectos financiados por convocatorias públicas ou privadas: título do proxecto, programa de financiación, data de inicio e finalización, importe e nome do IP.
-  Para os contratos: denominación do contrato, cliente, importe, data de inicio e finalización e IP.



GRAO DE
INNOVACIÓN
10%

Se é o caso, indicación do mecanismo de **protección** utilizado. Se non se adoptou ningún, explicación da estratexia de protección prevista (dereitos de autor, marca, know-how, segredo industrial, patente, etc).
Máximo 200 palabras.